

NOTA

XORNADA DE PRESENTACIÓN DA AGRUPACIÓN DE INVESTIGACIÓN BIOECONOMIA, EMPRENDEMENTO E TERRITORIO

BETA+

Data: 28 de abril de 2017

Lugar: Salón de Graos da Facultade de Económicas e Empresariais da USC
(Avda. do Burgo, s/n. Campus Norte)

Hora: 9-14 h.

Desde diferentes grupos de investigación da USC estamos a conformar unha **Agrupación de Investigación en BIOECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, TERRITORIO E AMBIENTE (BETA+)** para integrar as capacidades e metodoloxías propias das ciencias sociais, as humanas e as enxeñerías nun obxectivo: a dimensión territorial dos procesos demográficos e as actividades produtivas en relación co aproveitamento e conservación dos recursos naturais e culturais. Somos 19 grupos de investigación da USC -campus de Santiago e Lugo-, UdC e UV, amais dun grupo do CIAM-Mabegondo e contamos o soporte institucional do IDEGA.

Para facer pública esta iniciativa, organizamos o 28 de abril de 2017 unha xornada de presentación pública da Agrupación. Será no Salón de Graos da Facultade de Económicas da USC, en horario de mañá (9-14 h.). Despois da presentación da Vicerreitora de Investigación e Innovación da USC e dos coordinadores de BETA + desenvolveranse varios temas de interese, desde a bioeconomía e a investigación e o compromiso social, a ordenación do territorio, o envellecemento da poboación, a cultura, o patrimonio, o agro produtivo até o futuro agroecolóxico de Galicia.

Todas as sesións serán en aberto

Máis información:

Gustavo Hervella García, Grupo HISTAGRA
Departamento de Historia. Facultade de Xeografía e Historia
Praza da Universidade, 1. 15782 Santiago de Compostela
T. 881812734 / 686232856
histagra@usc.es
histagra.usc.es